

BANDO INFORMATIVO

En relación á situación actual da crise sanitaria polo COVID-19 no Concello de Viana do Bolo, esta Alcaldía desexa informar á veciñanza que o Servizo Galego de Saúde vén de comunicar, no día de hoxe, os resultados actualizados en canto a número de contaxios, confirmándose un descenso no número de casos, situándonos actualmente nun **total de 19 positivos**. Dende o SERGAS comunícase que o Concello de Viana do Bolo **continúa a situarse no Nivel 2 de alerta epidemiolóxica**,

Por outra banda, en relación ó *Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do Presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*, esta Alcaldía desexa informar á veciñanza das medidas aplicables a toda Galicia dende as 00.00 h do día de onte, 5 de novembro:

- Recoméndase ás **persoas maiores de 75 anos, vulnerables e enfermos** respiratorios que **non saian dos seus fogares nas horas de alta concentración de persoas**.
- Os **grupos** en espazos públicos e privados, tanto pechados como ao aire libre, limítanse a **máximo 6 persoas**, salvo que todas elas sexan convivintes. Exceptúanse as actividades laborais, educativas, institucionais, e o deporte federado.
- **Aforo máximo do 50%**, entre outros, en: mercadillos, establecementos comerciais e de servizos; actividades educativas e de lecer infantil; hostalaría e restauración (consumo sempre sentado, e terrazas ao 75%); hoteis, aloxamentos e albergues; bibliotecas, arquivos e museos; cines, teatros, auditorios etc. (max. 60 personas en lugares pechados, e 150 ao aire libre); instalacións deportivas; espazos públicos, parques infantís, zonas deportivas, etc; actividades ó tempo libre; centros cívicos e sociais; e lugares de culto.
- **Mantense en todo o territorio a restrición á mobilidade nocturna en horario de 23:00 a 6:00 h.**

O que se fai público para xeral coñecemento, en Viana do Bolo a 6 de novembro de 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.
Asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Viana do Bolo

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

